

PLENO DO EXCMO. CONCELLO CONSTITUIDO EN
XUNTA XERAL DE ACCIONISTAS DA EMPRESA MUNICIPAL EMAVISA
3 DE DECEMBRO DE 2007

ASISTENTES

Excmo. Sr. Alcalde
Abelairas Rodríguez, Isaura
Alonso Pérez, Fco. Xabier
Calviño Rodríguez, Xulio
Coello Búfill, Antonio
Comesaña Abalde, Carlos
Conde Gil, Jorge
Díaz Vázquez, Raquel
Domínguez Olveira, Santiago
Fidalgo Iglesias, Miguel
Figueroa Vila, José Manuel
García Míguez, María Angeles
González Sagarra, Javier Pablo

Iglesias Bueno, Marta
Lago Rey, María Jesús
Larriba Leira, Elvira
López Atrio, Laura
López Carreira, Xesús
López Font, Carlos
Martiño Gómez, Antonio
Méndez Piñeiro, María
Molares Pérez, Lucía Emilia
Porro Martínez, María Corina
Rivas González, Angel
Rodríguez Díaz, Santos Héctor
Velo Ríos, Iolanda

NON AISTE:

Guerra Fernández, Javier Jorge

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, as dez horas e quince minutos do día tres de decembro do ano dous mil sete, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Pérez, Calviño Rodríguez, Coello Búfill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Iglesias Bueno, Lago Rey, Larriba Leira, López Atrio, López Carreira, López Font, Martiño Gómez, Méndez Piñeiro, Molares Pérez, Porro Martínez, Rivas González, Rodríguez Díaz e Velo Ríos, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excmo. Corporación en Xunta Xeral de Accionistas da Empresa municipal EMAVISA "En liquidación", conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. concelleiros coa antelación legalmente requirida. Non asiste o Sr. Guerra Fernández. Está tamén presente o Interventor Xeral, don Juan Ramón González Carnero.

O Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a trata-los asuntos da orde do día.

ÚNICO.- FINAL DE LIQUIDACIÓN DA EMPRESA MUNICIPAL EMAVISA E ACORDOS COMPLEMENTARIOS.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data 21 de novembro de 2007, os liquidadores, xefe do Servizo de Investimentos e xefe de Contabilidade, Sres. Suárez Sánchez e García Alvarez, coa conformidade da concelleira delegada da Área de Economía e Facenda, emiten o seguinte informe:

"É obxecto do presente informe dar conta á Xunta Xeral de Accionistas da Empresa Municipal de Abastecemento e Saneamento de Augas de Vigo, S.A. (en adiante EMAVISA), do balance final de liquidación da empresa municipal en liquidación, en cumprimento do preceptuado na vixente Lei de Sociedades Anónimas, o que leva a efecto de conformidade cos seguintes

ANTECEDENTES:

Primeiro.- En acta da Comisión Liquidadora de data 15 de decembro de 2006 recóllese a aprobación dunha serie de axustes e reclasificacións que deron como resultado o seguinte balance de situación a 31 de outubro de 2006:

Balance ó 31 de outubro de 2006			Euros
ACTIVO			
Debedores			16,41
. Administracions Públicas (Nota 5)			16,41
Depósitos (Nota 2)			7.657,45
Tesourería			3.197.627,11
TOTAL ACTIVO			3.205.300,97
PASIVO			
Fondos Propios (Nota 3)			2.199.558,21
. Capital			5.889.918,62
. Reservas			-5.649.218,14
. Resultados de exercizos anteriores			823.826,65
. Resultado do exercizo			1.135.031,08
Acredores a curto prazo			1.005.742,76
Acredores a pagar (Nota 4)			105.241,39
Administracions Públicas (Nota 5)			900.501,37
TOTAL PASIVO			3.205.300,97

Segundo.- Con data 15 de novembro de 2007 procédese á actualización de devandito balance para o que se fai necesaria a realización dunha serie de axustes e reclasificacións.

Procedemos inicialmente a propoñer os axustes que correspondería facer ata o 31 de decembro de 2006, necesarios para a realización do peche correspondente e da liquidación do Imposto de Sociedades (anexo I). Como resultado dos devanditos apuntes o balance a 31 de decembro de 2006 sería o seguinte:

Balance ó 31 de decembro de 2006			
			Euros
ACTIVO			
Debedores			41,24
. Administraci3ns P3blicas			41,24
Tesourer3a			3.160.074,28
TOTAL ACTIVO			3.160.115,52
PASIVO			
Fondos Propios			2.163.961,62
. Capital			5.889.918,62
. Reservas			-5.649.218,14
. Resultados de exercizos anteriores			72.453,35
. Resultado do exercizo			1.850.807,79
Acredores a curto prazo			996.153,90
Acredores a pagar			90.392,23
Administraci3ns P3blicas			905.761,67
TOTAL PASIVO			3.160.115,52

Terceiro.- Durante o exercizo 2007 os movementos no patrimonio da sociedade corresp3ndense co pagamento de retenci3ns 3 Facenda P3blica en xaneiro por importe de 3.245,47 euros e a liquidaci3n da conta corrente en xu3o por importe neto de 129,23 euros. O balance a 15 de Novembro de 2007 ser3a o seguinte:

Balance ó 15 de Novembro de 2007			
			Euros
ACTIVO			
Debedores			69,61
. Administraci3ns P3blicas			69,61
Tesourer3a			3.156.958,04
TOTAL ACTIVO			3.157.027,65
PASIVO			
Fondos Propios			2.164.119,22
. Capital			5.889.918,62
. Reservas			-5.649.218,14
. Resultados de exercizos anteriores			1.923.261,14

. Resultado do exercizo		157,60
Acredores a curto prazo		992.908,43
Acredores a pagar		87.146,76
Administracións Públicas		905.761,67
TOTAL PASIVO		3.157.027,65

INFORME DE LIQUIDACIÓN:

EMPRESA MUNICIPAL DE ABASTECIMIENTO E SANEAMIENTO DE AUGAS DE VIGO, S.A. (en adiante EMAVISA) constituíse o 27 de xullo de 1982, tendo como obxecto social a captación, encoro, depósitos, conducción, depuración, distribución e subministración de auga á cidade de Vigo e ó seu termo municipal. O domicilio social atópase en Vigo, Praza do Rei, s/n.

A Sociedade pertence ao cento por cento ao CONCELLO DE VIGO.

Con data 31 de decembro de 1990 prodúcese o cambio na xestión do servizo municipal de abastecemento de augas da cidade de Vigo substituíndose a xestión directa a través da empresa municipal pola xestión indirecta a través da fórmula concesional, asignándose dita concesión á empresa UTE SERAGUA, S.A. FOCSA.

Con motivo de devandito cambio EMAVISA cesa na súa actividade e inicia o proceso de liquidación. Acórdase a súa disolución voluntaria o 2 de agosto de 1991 nomeándose en dita data a Comisión Liquidadora. Con todo, o proceso de disolución queda paralizado á espera de resolución do proceso xudicial aberto entre a Sociedade e a Administración Xeral do Estado derivado do levantamento de Acta, por parte de devandita Administración, polo Imposto sobre o Valor Engadido correspondente ao exercizo 1991. Con data 26 de setembro de 2005 o Tribunal Supremo dita sentenza executándose a mesma en marzo de 2006. Unha vez resolto o devandito proceso constitúese unha nova Comisión Liquidadora con data 29 de maio de 2006.

O presente informe ten como obxecto:

Primeiro.- Detallar o importe obtido e satisfeito, respectivamente, dos activos e pasivos existentes a 31 de decembro de 1990, data do cesamento da actividade da sociedade e do último balance aprobado previo á disolución.

Segundo.- Indicar o resultado que se produciu no proceso de liquidación.

Terceiro.- Presentar o balance final tralo proceso de liquidación.

Cuarto.- Determinar o patrimonio resultante que corresponderá ao socio único.

A aprobación do balance final iniciará a última fase do proceso de liquidación da Sociedade que finalizará coa repartición do haber social.

1.- RESULTADO DO PROCESO DE LIQUIDACIÓN.

A sociedade presentaba a 31 de decembro de 1990 o seguinte balance de situación, expresado en euros:

ACTIVO		PASIVO	
Inmovilizado	44.982.819,24	Fondos Propios	14.146.586,31

		. Capital	5.889.918,62
Gastos a distribuir	114.268,74	. Reservas	6.399.319,79
		. Resultado do exercizo	1.857.347,90
Existencias	748.646,73		
. Comerciais	748.646,73	Subvencións de capital	2.284.956,13
Debedores	7.132.257,46	Provisións para riscos	134.933,44
. Clientes	2.335.672,23		
. Debedores Varios	434.284,22	Acredores a longo prazo	30.811.303,37
. Administracións Públicas	4.362.301,01		
		Acredores a curto prazo	6.473.285,84
Depósitos	22.134,22	Acredores a pagar	6.290.754,10
Tesourería	848.695,95	Administracións Públicas	181.242,05
Axustes por periodificación	2.242,75	Fianzas e depósitos recibidos	1.289,69
TOTAL	53.851.065,09	TOTAL	53.851.065,09

Con motivo do cambio na xestión da subministración de auga á cidade de Vigo produciuse a desadscripción do inmovilizado e de todas as partidas asociadas a el (subvencións de capital, gastos a distribuír e préstamos que o financiaban) que reverteron ao Concello recolléndose nos fondos propios da Sociedade unha reserva negativa por "Patrimonio cedido".

O detalle da realización dos activos e dos pasivos satisfeitos, así como, do resultado de liquidación preséntase no cadro que se achega, expresado en euros: (VER ANEXO II)

O inmovilizado non realizado corresponde a elementos de transporte levados ao despezamento, non transferidos ao Concello.

Dos clientes non realizados cabe sinalar que: 557.759,31 euros corresponden a recibos, tanto físicos como mecanizados, emitidos con anterioridade ao 31 de decembro de 1990 cuxo cobro non foi posible materializar; o resto corresponde a unha estimación de consumos pendentes realizada a 31 de decembro de 1990 por persoal de EMAVISA a imputar a SERAGUA e que non se admitiu no seu momento por esta sociedade.

En Debedor queda sen materializar a conta co Concello de Vigo.

As contas coa Administración Pública non realizadas corresponden a dereitos e obrigas tributarias prescritas.

O detalle dos acredores non satisfeitos é o seguinte, expresado en euros:

Concepto	Importe
Quita acordada con acredores en 1995	450.076,14
Devolucións por reclamacións indebidamente cobradas	21.783,86
Impago por mala realización obra (inf. tco 10/08/92)	79.136,99
Outras débedas prescritas	4.055,85
	555.052,84

Ao resultado obtido do activo e pasivo existente a 31 de decembro de 1990 hai que unir o obtido durante o proceso de liquidación: os gastos do proceso de liquidación xunto cos ingresos derivados da sentenza a favor de EMAVISA do proceso xudicial iniciado pola Administración do Estado referido

á declaración do Imposto de Valor Engadido presentada en 1991.

O detalle do resultado total é o seguinte:

		Importe
Resultado realización activo/pasivo		(965.128,46)
Ingresos-gastos liquidación		1.031.199,30
TOTAL		66.070,84

O detalle das partidas máis importantes que compoñen o resultado do proceso de liquidación é o seguinte, expresado en euros:

	Importe
GASTOS	
Servizos de Profesionais Independentes	643.048,49
Devolución de acometidas	40.666,21
Indemnizacións	195.934,11
Gastos financeiros liquidación Facenda	110.994,32
Otros	52.054,49
INGRESOS	
Ingresos financeiros liquidación Facenda	2.979.226,46
Ingresos financeiros conta corrente	432,13
Imposto sobre sociedades 2006	(905.761,67)
TOTAL RESULTADO	1.031.199,30

Dentro da partida de servizos de profesionais independentes se recollen os seguintes conceptos:

Concepto	Importe
Minuta avogados	456.182,72
Consultores/auditores	57.959,01
Procuradores e outros profesionais	41.760,00
Minuta liquidadores	45.075,91
Minuta liquidador inicial	42.070,85
	643.048,49

O epígrafe de "Minuta de liquidadores" recolle a minuta dos liquidadores actuais que levan acabo as tarefas de liquidación, propoñendo un importe de 15.025,30 euros para cada un dos tres liquidadores. Así mesmo o epígrafe de "Minuta liquidador inicial" recolle a minuta do liquidador inicial polas tarefas de: administración da conta, mantemento e seguimento da evolución da sociedade entre 1992 e 2006, o control periódico de pagos e cobros, interlocución con avogados e procuradores e seguimento do procedemento con Facenda Pública, propoñéndose un importe de 3.005,06 euros por cada un dos catorce exercizos durante os que se realizaron estas tarefas. Ambos créditos figuran incluídos no Balance de Situación aprobado pola Comisión Liquidadora, en sesión de data 15 de decembro de 2006.

No epígrafe de indemnizacións recóllense as seguintes partidas, expresadas en euros:

Concepto	Importe
Sentenza xuízo 427/89	126.212,54
Sentenza xuízo menor contía 42/89	41.294,89
Outros	28.426,68
	195.934,11

2.- BALANCE FINAL

O balance de situación da sociedade EMAVISA unha vez rematado o proceso de liquidación e antes do reparto do haber social, do pagamento a liquidadores e Facenda, é o seguinte, expresado en euros:

ACTIVO		PASIVO	
Administración Pública debedora	69,61	Fondos Propios	2.164.119,22
		. Capital	5.889.918,62
Tesourería	3.156.958,04	. Reservas	(5.649.218,14)
		. Resultado de exercizos anteriores	1.923.418,74
		Acreeedores a pagar	87.146,76
		Administración Pública acreedora	905.761,67
TOTAL	3.157.027,65	TOTAL	3.157.027,65

A evolución da partida de Reservas é a seguinte, expresada en euros:

	Importe
SALDO INICIAL A 31/12/1990	6.399.319,79
Patrimonio cedido (cuadro pág.3)	(12.048.537,93)
SALDO FINAL	(5.649.218,14)

A evolución da partida de Resultado de exercizos anteriores é a seguinte, expresada en euros:

	Importe
SALDO INICIAL A 31/12/1990	1.857.347,90
Resultado total liquidación (cadro px.4)	66.070,84
SALDO FINAL	1.923.418,74

O detalle da evolución da conta de tesourería é o seguinte, expresado en euros:

	Importe
SALDO INICIAL A 31/12/1990	848.695,95
Activos realizados/Pasivos satisfeitos	284.223,97
Gastos liquidación	(1.042.697,62)
Ingresos liquidación	2.979.658,59
Imposto sociedades	(905.761,67)
Pagos pendentés:	
Minuta liquidadores	87.146,76
Imposto sociedades-retencións	905.692,06
SALDO FINAL	3.156.958,04

3.- COTA LIQUIDATIVA

Dado que existe un único accionista posuidor do 100% do capital social, o Concello de Vigo, correspóndelle a iste recibir a totalidade do haber social que ascende a 2.164.119,22 euros.

Os liquidadores procederán á repartición do patrimonio social unha vez satisfeitos todos os acredores ou consignado o importe dos seus créditos.

No caso de que unha vez disolta a sociedade aparezan novos bens ou obrigas, os socios responderán destas últimas e terán dereito a percibir o que lles corresponda dos bens descubertos.

Os impostos que se devenguen con posterioridade, así como os gastos de notario e do Rexistro Mercantil que se produzan con motivo da liquidación da Sociedade, serán satisfeitos polo socio único."

Polo exposto, os liquidadores emiten a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

No expediente figura escrito de data 21 de novembro, asinado pola membro da Comisión Liquidadora e concelleira delegada de Economía e Facenda relativo ó compromiso público de donación da retribución do cargo de liquidadora da Sociedade Pública EMAVISA, dona Raquel Díaz Vázquez, a favor das seguintes institucións: "Rede de Mulleres veciñais contra os malos tratos" e "Fundación Igual Arte".

No expediente non consta que a proposta de acordo fose remitida a Intervención Xeral ó obxecto de que se emita informe previo de fiscalización.

(Está ausente o Sr. Guerra Fernández).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito, acórdase:

Primeiro.- Aprobación do balance final da Sociedade. Apróbase o balance final da Sociedade que se une á presente acta. Do balance mencionado despréndese que a Sociedade non debe cantidade ningunha a favor de terceiros, agás as cifras pendentes de pago coa Axencia Estatal de Administración Tributaria e as remuneracións dos liquidadores; ambas cantidades atópanse debidamente especificadas no pasivo do balance, baixo os epígrafes "Administración pública acreedora" e "Acredores a pagar", respectivamente.

Segundo.- Apróbase a xestión dos liquidadores, a adxudicación do caudal de liquidación e a extinción da Sociedade.

En consecuencia, declárase liquidada a Sociedade cun haber social de 2.164.119,22 €, que será entregada ao socio único (Concello de Vigo), mediante transferencia bancaria á conta corrente que designe a Tesourería Municipal.

Terceiro.- Os impostos que se devenguen, así como os gastos de Notario e do Rexistro Mercantil que se produzan con motivo da disolución e liquidación da Sociedade, serán satisfeitos polo socio único (Concello de Vigo).

Cuarto.- Encoméndase aos liquidadores o deber de conservar os antecedentes da contabilidade, a correspondencia, os documentos e os xustificantes concernentes ao tráfico da Sociedade, durante o prazo de seis anos, a contar dende a data do asento de cancelación da mesma.

Quinto.- Facúltase aos liquidadores para comparecer perante Notario e elevar a públicos os acordos adoptados, podendo outorgar as escrituras de subsanación, aclaración e rectificación que resulten necesarias para a súa inscrición no Rexistro Mercantil.

Sexto.- Deixar sen efecto o acordo da Xunta Xeral de Accionistas de data 29 de maio de 2006, en virtude do que se designou liquidador da Sociedade a D. Javier Guerra Fernández, que cesará nas súas funcións a partir desta data.

Sétimo.- Nomear liquidadora da Sociedade Anónima Municipal a D^a Raquel Díaz Vázquez, que compartirá as funcións inherentes ao seu cargo cos demais membros da Comisión (Xefe de Contabilidade e Xefe do Servizo de Investimentos).

Oitavo.- Prestar aprobación ás retribucións reflectidas no Pasivo do Balance de Situación da Sociedade "en liquidación" a favor do administrador e dos liquidadores, recollidas no epígrafe "Acredores a curto prazo" e de conformidade coa asignación individualizada que se explicita no informe de liquidación que se une á presente proposta.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás dez horas e vintecinco minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fé do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

kv.

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Alvarez

José Riesgo Boluda.